

# ACTA Nº 2 DA MESA METROPOLITANA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

Reunidos na Casa Consistorial de Culleredo, sendo as 13:00 horas do día 27 de xuño do ano 2016, previa convocatoria coa orde do día previamente establecido e comunicado aos compoñentes da mesa:

Se reúnen:

- D<sup>a</sup> Francisca Bestilleiro Rodríguez, en representación do Concello de Abegondo.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Iglesias, en representación do Concello de Abegondo.
- D. Roberto Chao Gavilán, en representación do Concello de Bergondo.
- D. Oscar Souto Muíño, en representación do Concello de Cambre.
- D. Daniel Díaz Grandío, en representación do Concello de A Coruña.
- D. Juan Antonio López López, en representación do Concello de A Coruña.
- D<sup>a</sup> María José Varela Neira, en representación do Concello de Oleiros.
- D<sup>a</sup> Marta Bosch Pibernat, en representación do Concello de Oleiros.
- D. Javier Varela Tejedor, en representación do Concello de Culleredo, e como coordinador da mesma.

Polo Sr. Varela Tejedor se abre a sesión, e se procede a seguir a orde do día.

## 1.- Aprobación da acta da sesión anterior.

Por unanimidade dos asistentes se aproba a acta da sesión anterior.

## 2.- Análisis da proposta de escrito elaborada pola Sr. Bosch Pibernat e o Sr. Varela Tejedor, para remitir á Xunta de Galicia no que se solicite o recoñecemento dos Concellos como interesados no procedemento como Área metropolitana e se lles remitan as propostas de pregos para a licitación das concesións de transportes para que poidan ser coñecidos e informados polos Concellos.

Por parte das representantes do Concello de Oleiros, se comunica que levarán o citado escrito ao Pleno deste xoves 30 de xuño, manifestando o Sr. Chao Gavilán e o Sr. Varela Tejedor, que nos Concellos de Bergondo e Culleredo, respectivamente, tamén se levará a Pleno o xoves 30 de xuño.

Por parte dos representantes do Concello de A Coruña, se comunica que o Pleno se celebrará o 4 de xullo, e no Concello de Abegondo, a Sra. Iglesias Iglesias informa que será o vindeiro 21 de xullo.

O Concello de Cambre o fará previsiblemente o 28 de xullo.

O resto de Concellos non manifestaron formalmente ata o presente a súa decisión a este respecto.

## 3.- Diagnóstico do transporte en cada Concello.

Polo Sr. Varela Tejedor se manifesta que dispón do diagnóstico do transporte no Concello de Culleredo, se ben considera necesario solicitar á Xunta de Galicia un estudo de matrices de orixenes e destinos de vehículos privados entre os Concellos da zona, a efectos de poder establecer as hipotéticas necesidades de tráfico na área metropolitana de carácter transversal.

En canto ao documento denominado PLAN DE ACCESIBILIDADE DO TRANSPORTE INTERURBANO ÓS CENTROS URBANOS. A CORUÑA, elaborado pola empresa ICEACSA, por encargo da Xunta de Galicia, e remitida por esta aos Concellos para informe, se plantexa un estudo xeral de mobilidade no prazo dun ano. Ao respecto deste documento, o Sr. López López expón que o mesmo non contempla o fin das concesións actuais.

O Sr. Varela Tejedor insiste en que hai que incidir en que a Xunta non faga só un estudo con aforo de orixe e destino en A Coruña, senón entre Concellos da zona e de carácter transversal.

Por unanimidade dos asistentes se acorda:

- a) Solicitar á Xunta de Galicia un estudo de matrices de orixenes e destinos de vehículos privados entre os Concellos da zona.
- b) Enviarse vía email o análise do transporte en cada Concello.

Pola Sra. Varela Neira se manifesta que o Concello de Oleiros solicitará á Xunta de Galicia o reforzo de frecuencias en certos núcleos de poboación.

#### 4.- Análisis situación Vía Ártabra

Por parte do Sr. Souto Muíño se propón deixar este punto para a vindeira sesión ao non poder asistir hoxe o Sr. González Leirós, que foio quen ó propuxo.

A proposta e aprobada por todos os asistentes.

#### 5.- Rogos e preguntas

O Sr. Varela Tejedor propón que as reunións da Mesa non se celebren unicamente no Concello de Culleredo, senón que poidan celebrarse nas sedes dos distintos Concellos participantes.

Se ratifica a proposta do Sr. Varela Tejedor, emprazando aos asistentes á vindeira sesión da Mesa metropolitana de transporte e mobilidade, para o día 22 de xullo ás 13:00 horas no Concello de Abegondo.

Dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:00 horas, e redactándose a presente acta, que asinan os asistentes.

A collection of approximately ten handwritten signatures in blue ink, arranged in a loose grid. The signatures vary in style, with some being more legible and others being highly stylized or scribbled. One signature in the middle-left area is clearly legible and reads "D.ª Carmen".

### PROPOSTA AO CONCELLO PLENO EN RELACION AO TRANSPORTE NO ENTORNO METROPOLITANO DE A CORUÑA.

Nos últimos anos o entorno metropolitano de A Coruña ven demandando un protagonismo para facer fronte de forma conxunta aos problemas globais do asentamento da poboación en zonas urbanas debido á concentración nas grandes cidades e seu entorno dos factores de xeración de riqueza.

Isto xenera un aumento de desprazamentos de persoas en traxectos urbanos inferiores a 50 km que provoca conxestión de tráfico, contaminación atmosférica, contaminación acústica, consumo enerxético, impacto na saúde, deterioro dos espazos comúns, custo económico, perda de competitividade, exclusión social, etc.

Os municipios de A Coruña e seu entorno viven con preocupación estas circunstancias, e sinten a necesidade de dar solución ás demandas da poboación. De aí que se suscite unha estratexia común para satisfacer as necesidades de mobilidade de persoas e empresas nas cidades e seus arredores, tendo en consideración os principios de integración, participación e avaliación tal como define a guía europea *Developing and implementing a Sustainable urban mobility plan*.

Tamén a guía que en 2006 publicaba o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para a elaboración dun PMUS (plan de mobilidade urbana sostible), se refería a éste como “un conxunto de actuacións que teñen como obxectivo a implantación de formas de desprazamento mais sostibles (camiñar, bicicleta e transporte público) dentro dunha cidade; é dicir, de modos de transporte que fagan compatibles crecemento económico, cohesión social e defensa do medio ambiente, garantindo, desta forma, unha mellor calidade de vida para os cidadáns”.

Actualmente os gobernos locais do entorno metropolitano están colaborando conxuntamente a través de “mesas de coordinación de actuacións de políticas de desenvolvemento territorial” que constitúen grupos de traballo conxunto na posta en común das problemáticas derivadas da mobilidade de seus veciños e na búsqueda de solucións compartidas que favorezan a comunicación de seus municipios entre si e coa cidade de A Coruña. Preocupa especialmente fomentar o uso dos transportes público e colectivo e outros modos non motorizados, medios de transporte de menor custo social, económico, ambiental e enerxético.

*[Handwritten signature]*

Non obstante sendo de competencia autonómica o transporte público regular *interurbano* de persoas, calquera solución que se pretenda no fomento do transporte público colectivo entre municipios, pasa pola intervención da Administración Autonómica.

O artigo 1 da lei 6/1996, de Galicia, dispón que:

- 1. É obxecto da presente lei a coordinación dos servizos de transporte público urbano de viaxeiros cos servizos de transporte interurbanos, nos supostos en que o establecemento ou a ampliación dos primeiros afectan os servizos interurbanos previamente establecidos, sempre que se presten integramente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Compréndense no ámbito de aplicación da lei tanto os servizos permanentes coma os temporais e tanto os de uso xeral coma especial.
- 2. A coordinación a que se refire esta lei estenderase tamén ós servizos dos que o Estado lle delegue a súa ordenación ou xestión, total ou parcial, á Comunidade Autónoma

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*público colectivo resultan excesivamente longos, e os itinerarios, horarios, frecuencias, escasez das líneas con penetración na cidade... e viceversa, non son os máis axeitados, nen se adaptan ás necesidades actuais de mobilidade dos cidadáns.*

*De aí que tendo o transporte público colectivo unha gran incidencia na intercomunicación e a mobilidade de todos os municipios do entorno metropolitano de A Coruña e estando relativamente cerca o prazo de extinción das concesións de transporte habitualmente usadas pola poboación asentada neste ámbito, é polo que se estima que é o momento óptimo para demandar o protagonismo que os municipios deben ter na toma de decisión relativas ao transporte público colectivo do entorno metropolitano de A CORUÑA.*

Por isto ao Pleno do Concello propónse:

Primeiro.- Demandar da Xunta de Galicia que facilite a participación dos Concellos do entorno metropolitano de A Coruña, na elaboración dos traballos previos para a adjudicación das novas concesións de transporte público interurbano regular de persoas por estrada de uso xeral - unha vez vencido o prazo dos correspondentes títulos contractuais - a fin de integrar as propostas sobre mobilidade urbana que os respectivos Concellos está elaborando para satisfacer as demandas da poboación, *cunha visión claramente metropolitana.*

Segundo.- Que ao efecto se cree unha comisión de seguimento para garantir a participación dos municipios e a coordinación entre a elaboración de pregos de condicións das novas concesións cos traballos que sobre mobilidade urbana formulen os Concellos.

27 JUN. 2016

The image shows several handwritten signatures and stamps in blue ink. At the top left, there is a date stamp '27 JUN. 2016'. Below it, there are several large, stylized signatures. One signature in the center-right is circled and contains the text 'd. Carmen'. There are also several other signatures, some of which are crossed out or scribbled over. The signatures are scattered across the lower half of the page.